

# Eduardo Blanco Amor e *A esmorga*

O cincuenta aniversario d'*A esmorga* pasou con máis pena que gloria. Que eu saiba, só a Concellaría de Cultura do Concello de Ourense, en mans nacionalistas, articulou unha serie de actividades en lembranza de Eduardo Blanco Amor e a súa excepcional novela, alén dun acto illado noutra cidade (Ferrol) por conta da Sociedade Cultural Medulio. Sen dúbida, todo un síntoma de como anda a promoción da literatura nacional, nomeadamente os clásicos, por conta da oficialidade e da carencia de espallamento e actualización que sofren na práctica cultural popular.

FRANCISCO RODRÍGUEZ SÁNCHEZ

Doutor en Filoloxía Románica pola Universidade de Santiago de Compostela. É autor dunha ampla obra de investigación e ensaio en temas lingüísticos, literarios, históricos, culturais e políticos. Destacamos o libro "Eduardo Blanco Amor, o desacougo da nación negada"



Retratos de Eduardo Blanco Amor

Porén, como xa escribín noutra ocasión, a súa persoa e a súa obra expresan, con todas as súas contradicións, a maneira na que a Galiza viviu o século XX. A novelística de Blanco Amor resulta especialmente senlleira pola súa grande coherencia como imaxe do mundo, pola súa veracidade profunda en relación co devir histórico do noso país e as súas perspectivas de futuro. Así, *La catedral y el niño* (1948) é a xustificación da fuxida do país. *A esmorga* (1959) desvenda a opresión, a represión e a violencia sobre as clases populares dunha nación colonizada, coa consecuencia ás veces da propia autodestrución. *Los miedos* (1963) simboliza o suicidio ou a agresión contra o igual como dinámica individualista nun contexto de represión social. *Xente ao lonxe* (1972) significa o esforzo por se integrar na loita pola dignidade dunha nación en marcha cara ao futuro. Todas estas dinámicas, que non son máis que as posíbeis para os galegos

como individuos e como colectividade, experimentounas Blanco Amor. Coñecía no seu cerne a nosa sociedade. Efectivamente, malia todas as súas contradicións, a liña determinante da súa obra é a perspectiva dun futuro certo para a Galiza.

Eduardo Blanco Amor, após anos na emigración americana (1919-1964), comezou a preparar o seu regreso definitivo á Galiza desde 1956, cando menos. Nesta preparación, cumpriu unha función catártica, do punto de vista persoal, e expresou a súa disposición a contribuír de novo ao fortalecemento e á modernización da literatura nacional galega desde dentro, *A esmorga*. Este 2009, concretamente en abril, hai 50 anos que foi publicada esta novela, non aquí senón na editorial Citania de Bos Aires. No entanto, a intención fora editala en Galaxia xa en 1956. Nunha autocrítica publicada en abril 1959 no número 506 da revista *Galicia* do Centro Galego da capital arxentina e da que

era director, Blanco Amor deixou constancia de que saía alí pola mestura de dous impedimentos: "Os criterios que até agora funcionaron arredor da ineditéz d'A esmorga foron dous: o moi honroso ditame do Consello de Redacción da Editorial Galaxia -Vigo- para a cal foi escrita, e o non, mondo e *lirondo*, sen sequera os habilidosos (até parecer cortesés), pretextos de todo xesuitismo, da censura española que prohibiu a súa publicación". Aproveitaba a ocasión para denunciar que, na España franquista, funcionaba un aparato policial para a persecución das obras literarias e os seus autores, exercida por un dos organismos máis "arbitrarios, sinistros e corruptos". O organismo censor, tamén por aquelas datas, impedía a impresión da *Obra Completa* de Ramón Cabanillas, entón octoxenario e enfermo. As dilacións na publicación da novela, desde que fora escrita, seguramente xa ao longo de 1954, indicaban as dificultades para o retorno. As previsión e cautelas a respecto da súa situación económica, das súas posibilidades de subsistencia como escritor tamén en galego, colaboraban a demorar a realización do arela de volta definitiva á patria que abandonara, mozo de 22 anos, en 1919.

A aparición da novela tivo eco na Galiza. A recepción crítica (casos de Fernández del Riego ou Ánxel Fole, en *Faro de Vigo* e *El Progreso*, respectivamente) subliñou o acento orixinal e insólito d'A *esmorga* dentro da literatura galega e mesmo que era "unha das mellores novelas nosas". A edición d'A *esmorga* na Galiza debeu esperar 1970, cando xa estaba o noso autor aquí instalado. Novamente catalogouse como unha das novelas máis importantes dos últimos anos. Para o portugués Rodrigues Lapa, "unha pequena obra mestra". Mais comeza a subliñarse un suposto carácter picaresco, ao que xa aludira un crítico anónimo de *La Región* de Ourense co gallo da primeira edición en Bos Aires. A maiores, atribuíuselle un suposto ton humorístico e irónico. A



Eduardo Blanco Amor co presidente Manuel Azaña na radio nos anos da república

novela era así reconducida a tópicos, non xa reducionistas, senón infundados e desviadores. Esta operación de asimilismo, de intencionalidade moralista e ideolóxica, non favorecía unha correcta análise do sentido da novela e da súa carga reveladora. A editorial Galaxia, nas lapelas desta súa edición, falaba do "humor" que caracterizaría unha boa parte da obra e "dun mundo de picaresca" que sería a súa materia fundamental. Ficaba convertida *A esmorga* así "na primeira narrativa da picaresca galega, feita con ar trouleiro que se axeita ao temperamento do pobo, retranqueiro e ledó". Novamente, unha obra mestra, xenuína, reducíase a enxebrismo ou tipismo retranqueiro. Nada de realidades nacionais, de problemáticas sociais e psicolóxicas, de dialécticas históricas, ideolóxicas e morais, de estruturas de poder e a súa manifestación artística, de traxedias de fundamentación material humana... Iniciouse así unha avaliación con xuízos



Representación da obra "A Esmorga" da man de Sarabela Teatro

ben lonxe da verdade, acomplexadamente mimética e servil do canon literario castelán-español. En todo caso, vale a pena lembrar a súa *Autocrítica* (orixinal en español no número 506 de *Galicia* de 1959): "Certo é que [o autor] quixo construír un relato tráxico, mais sen reminiscencias escolares ou académicas a respecto do valor inamovíbel de tal concepto [...]. O tráxico galego vai igualmente, pode ir, embebido da totalidade da continxencia humana –a tenrura, o humor, mesmo a liberdade de elección– cara á fin aniquilante duns suxeitos. Mais non como postos ao servizo do capricho dos deuses ou do irracionalismo inescrutábel da xustiza de Deus, senón como resultado coherente do xogo vital e dunha ética da coexistencia que inclúe a terra –a os seus accidentes– como un personaxe máis, ás veces decisiva. No caso de *A esmorga*, a chuvia –non a chuvia simplemente meteorolóxica, senón a chuvia galega nunha cidade galega– representa ou quer significar algo así como as moscas n' *As moscas* de Sartre. Esta comparanza xorde ao autor *a posteriori*, como resultado desta indagación autocrítica".

O significado de *A esmorga* é crucial no contexto da obra de Blanco Amor e na historia da literatura galega. Foi produto da súa decisión de se enfrontar a unha realidade opresiva, violenta, represiva e destrutiva da que el fuxira aos 22 anos. Resulta da catar-se do autor para obxectivar un sistema colonial que aniquila os marxina-

nados a través da violencia institucional, representada pola Garda Civil e a Xustiza. Son os marxinaados producidos pola opresión económica, cultural e lingüística, nunha sociedade rexida pola alienación e pola desintegración e atomización sociais, sen clases dirixentes. Nela, as clases populares viven como unha especie de criaturas estrañas ao mundo oficializado. En efecto, os protagonistas son tres xornaleiros, traballadores eventuais nas estradas. Dous deles xa caloteiros e *lumpen* (O Bocas e o Milhomes). O outro, O Castizo, aínda aspira a vivir do traballo e a se integrar socialmente, pensando no matrimonio cunha ex-prostituta da que ten un fillo. El é o protagonista narrador, nunha situación de declaración como acusado, perante un xuíz que está, mais que non ouvimos, indo e vindo desde o cuartel da Garda Civil para cada interrogatorio (os 5 capítulos da novela). O ambiente é o propio dunha urbe galega na transición finisecular; arrabaldes, rúas, espazos concretos de Ourense. Nel móvense estes personaxes, caracterizadamente individuais, mais simbolicamente arquetípicos. Cada un deles é representativo dunha conduta sexual: o homosexual (O Milhomes); o 'bisexual' machista, de aspecto viriloide, necesitado do efecto da bebida para se achegar ás mulleres (O Bocas); o heterosexual (O Castizo). No seu percorrido de 24 horas sen acougo, co alcol e a chuvia lenta e insistente como compañía, chegarán ao punto climático ascendente: a viola-

ción da pobre Socorrito, a toliña, polo Bocas, o asasinato deste por Milhombres, entolecido por tanto sufrimento consoante cunha relación sadomasoquista, e o desfalecemento do Castizo, incapaz de impedir o suicidio de Eladio Vilarchao. O único sobrevivente será aniquilado polo poder establecido, após narrar os sucesos como acusado perante o xuíz, desde a súa peculiar interpretación e moralidade. Mais esta historia non pode chegar a nós se non hai autor-cronista para dar voz a estes personaxes oprimidos, sen voz na historia, nunha nación negada. Tamén, para darnos conta do final desta historia (o narrador-protagonista, asasinado pola Garda Civil), que descoñeceríamos, como tantas outras anónimas, que suceden nos países colonizados, 'sen historia', se alguén nos furgase nos papeis e na tradición oral, como historiador, para elaborar máis tarde esta obra literaria. A estrutura global da novela é tan simbólica e representativa que dela se deriva toda unha imaxe do país, precisamente pola súa fragmentariedade e pola presenza ameazante dun poder extraño. O que non está, podemos intuilo por indicios, por derivacións implícitas, por palabras que non ouvimos mais que están poderosas e represivas... Nunha entrevista en español en *La Región* do 1 de decembro 1958, aludía con estas palabras á novela que estaba a pique de editarse: "Ambas as dúas utilizan o tema ourensán máis fragmentariamente que *La catedral y el niño*. *A esmorga*, que está sendo editada agora en Bos Aires, acontece en 24 horas sobre un itinerario de catro rúas: comeza fronte ao antigo Mesón da Cristalina, logo pasa ao barrio da Burga, Pazo do Castelo, estrada até a estación, Campo das Bestas e As Lagoas, que é onde remata. A outra en castelán, *El Miedo (sic.)*, xa sucede na periferia rústica, entre o alto señorío dos pazos."

É unha moi boa oportunidade para espallar novamente a narrativa de Blanco Amor en xeral, mesmo a que está escrita en español, outra cara da



Orador en Compostela diante do monumento a Rosalía no día da patria galega do ano 1934

realidade da nación colonizada, tan anulada e desconsiderada na literatura española, e tan descoñecida por nós. Acredito en que a lectura d'*A esmorga* pode resultar hoxe un descubrimento para moitos. A nosa política cultural non pode prescindir da continua revalorización e espallamento dos nosos escritores clásicos. Convenzámonos de que a súa capacidade para engaiolaren lectores de hoxe é potente. Tampouco podemos esquecer as súas figura humanas, a súas achegas intelectuais, os seus esforzos contra vento e maré en contextos nada favorábeis, como acontece sempre nas culturas periféricas, a dos países colonizados, nas que os compromisos do escritor resultan ineludíbeis. Os de Blanco Amor foron múltiples e moi valiosos, de forma especial aqueles que asumiu, malia a unha certa indixencia, á volta á patria e, nomeadamente, na transición do franquismo á actual democracia, até a súa morte o 1 de decembro de 1979 ■